

A Escola Municipal de Teatro estará preparada para o vindeiro curso

Os veciños e veciñas cortan o tráfico para esixir as melloras que tanto precisa a N-VI

Páxina 7



Concello de  Oleiros


Comeza a segunda fase do carril bici entre Mera e Santa Cruz

Páxina 4

Vivir en Oleiros

Número 54
Xaneiro 2017
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

A Deputación financia con 250.000 euros as obras de adecuación



O tanque de tormentas de Santa Cruz e o sifón da Pasaxe culminan a rede de saneamento

Páxina 4

O Concello adquire un edificio para a Facenda municipal

Páxina 8

O novo regulamento da auga libera a veciñanza de importantes gastos

Páxina 10

O Pazo de Arenaza converterase nun importante centro de investigación

■ O Concello de Oleiros asinou un convenio coa Deputación da Coruña segundo o cal lle cede o uso do Pazo de Arenaza ao organismo provincial para crear un centro co-working para novos emprendedores e científicos, que terá capacidade para 50 persoas investigadoras. Grazas ao acordo acadado, a Deputación tamén financiará con 250.000 euros a restauración e adecuación do pazo para o seu novo fin. Unha vez realizadas as obras, que se tratarán nas próximas semanas, a Deputación convocará unhas bolsas para os posibles candidatos e candidatas e seleccionará o persoal necesario para a posta en marcha deste centro, chamado a ser unha referencia no Estado.

As entidades reciben 214.796,27 euros para as súas actividades

Os centros de ensino público, as ANPA e as entidades culturais, deportivas e veciñais do municipio están a recibir as subvencións anuais correspondentes ás actividades que desenvolveron ao longo de 2016. As ANPA e os centros de ensino público recibirán a metade destes fondos.

Páxinas 12 e 13

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

BENESTAR, con maiúsculas

A palabra benestar é un deses termos que perdeu contido para a sociedade pola súa banalización debido ao seu repetitivo uso nas mensaxes políticas. Governos e representantes públicos empregan continuamente esa palabra e preséntanse ante a cidadanía como auténticos farsantes. Fan das falacias e da mentira o seu sinal de identidade, mentres non deixan de privatizar e recortar servizos públicos básicos.

Asistimos a unha espiral que atenta gravemente contra os dereitos dos cidadáns e cidadás. Infames leis amparan as decisións dos governos, dun e doutro signo, que só benefician ás grandes multinacionais -que tan ben acubillan despois aos ministros-. Desde as cadeiras do Congreso e do Parlamento

lexitimán o negocio duns poucos, sen importarles o máis mínimo as graves consecuencias que teñen esas decisións para a maioría da poboación.

Malia ás numerosas imposicións das administracións superiores, en Oleiros conseguimos crear un lugar agradable para a convivencia, cheo de infraestruturas e servizos públicos de calidade. As coberturas sociais que ofrece o Concello de Oleiros non existirían cun deses governos monicreques, que nuns casos están por estar e noutros están por roubar. A clara ideoloxía de Alternativa dos Veciños tradúcese nun proxecto político que, cun traballo serio e responsable e cunha xestión rigorosa e eficaz, procura que a poboación acade o maior benestar posible, inde-

pendentemente do seu estado económico.

Feitos e accións son o que nos distingue. A atención ás persoas maiores ou dependentes, o coidado dos que coidan, o acceso en igualdade á cultura, ao deporte ou á educación, as axudas ás familias en dificultades ou con problemas, a aposta pola igualdade e o respecto, a promoción do emprego... son numerosas as actuacións dirixidas ao benestar dos veciños e veciñas de Oleiros e tamén doutras latitudes, nas que se desenvolven distintos programas de cooperación. A distribución que realizamos dos recursos económicos, destinando máis da metade do orzamento municipal a este tipo de cuestións, fan posible resolver todas estas necesidades.

A política non é un fin, é o instrumento para acadar un mundo máis xusto. Por iso, as nosas decisións sempre están orientadas a resolver problemas, a dar servizos, a protexer o de todos e de todas, a garantir a igualdade... Somos conscientes de que, en ocasións, non somos tan áxiles como deberíamos nin chegamos ata onde nos gustaría. En calquera caso, o traballo está aí: parques, bibliotecas, casas do pobo, zonas verdes, ordenación do territorio, servizos sociais, actividades deportivas, cultura, xestión económica, ensino..., todo isto orientado a que os veciños e as veciñas de Oleiros teñan o maior benestar posible. Este é o noso compromiso, isto é facer POLÍTICA, isto é BENESTAR.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

El Partido Popular

Les desea una Feliz Navidad

y

un próspero año 2017



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

Os socialistas de Oleiros aproveitamos estas liñas para desexar @s nos@s veciñ@s o mellor para o ano que se achega repleto de novos retos para todos.

Botando os ollos atrás lembraremos un 2016 gris, no que o goberno de Alternativa profundou aínda máis na liña do totalitarismo e a

política de *rodillo* ao amparo da maioría absoluta da que gozan. Lembraremos tamén, con tristura e inqueda, os fondos perdidos para os veciñ@s (as axudas dos temporais, fondos EIDUS, e os 23.500 euros dunha parcela que o Concello nin coñecía...).

En Oleiros somos todos ricos, di o

alcalde..., as contas sinalan cuantiosos superávits, pero todos vemos que os tributos municipais seguen subindo, os comedores dos colexios seguen a recibir vergoñentas miserias do Concello, entre outras moitas inxustizas, e os prexudicados sempre son os mesmos, os que non somos ricos.

Neste novo ano, os socialistas comprometémonos unha vez máis a intensificar os nosos esforzos para acadar un concello máis xusto, máis solidario, máis libre, e sobre todo, máis democrático, sen totalitarismos, sen absolutismos. En definitiva, sen medo. Boas festas, que teñades un bo ano e grazas pola vosa confianza.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

Por unha solución definitiva aos vertidos na Gándara, en Nós

Hai uns días o alcalde e a conselleira de Medio Ambiente Beatriz Mato presentaban publicamente en Oleiros o chamado "sifón" da Pasaxe, unha infraestrutura moi importante para completar o saneamento das augas da nosa ría, xunto co tantas veces comentado tanque de tormentas de Santa Cruz, cuxas obras deberían ter comezado xa, e evitar de

maneira definitiva os vertidos que arruinan a calidade das augas.

Falando de vertidos, o BNG ve preciso lembrar que segue habendo problemas de saneamento en Oleiros que non se dan solucionados. Falamos dos que desde hai máis dunha década padece a veciñanza da zona da Gándara, na parroquia de Nós, cunha rede de pluviais pola que son ver-

tidos residuos industriais do Polígono Industrial do Espírito Santo e que en momentos puntuais desborda de tal forma que eses vertidos atravesan a calzada, chegan ás portas das casas e contaminan as augas dos regos da zona, que ao final acaban na ría. Os concellos de Cambre e Oleiros veñen de presentar un proxecto para modernizar unha rede de saneamento

que está obsoleta, mais a Xunta de Galiza rexeitou en xullo a súa imprescindible colaboración no proxecto.

De nada valen fotos propagandísticas para as obras faraónicas se proxectos moito máis sinxelos técnica e economicamente tardan en tratarse máis dunha década. Proba, como sempre, da insensibilidade das administracións con quen as mantén.

EDITORIAL

• É hora de feitos e non de enganados

◆ Despois de anos de consensos e políticas construtivas no ámbito do Consorcio das Mariñas, no que están integrados os nove concellos das comarcas da Coruña e Betanzos, as augas comezan a baixar turbias. Hai quen pretende romper os leitos polos que transcorrían os caudais que contribuían a ese grande encoro do que todos nos beneficiabamos con servizos e melloras sociais que redundaban nos veciños e veciñas de todos os municipios.

As últimas eleccións municipais trouxeron un cambio substancial na comarca. Certas forzas políticas víronse afastadas do poder e ante este novo panorama decidiron pór en marcha determinados xogos políticos, carentes de calquera beneficio para a cidadanía, cos que pretenden recuperar a calquera prezo os lugares dos que foron apartados polos electores.

As maiorías existentes en moitos concellos diluíronse despois desa última cita nas urnas. As políticas de pactos non están a funcionar xa que intereses alleos á cidadanía están a converter nunha auténtica polvreira moitas desas corporacións. A maldade de determinados concelleiros, mal chamados populares nuns casos e socialistas noutros, provocan continuamente situacións esperpénticas.

Mesmo en casos como o de Arteixo, nos que si existe maioría, estanse a converter no tótem para desestabilizar o Consorcio querendo independizarse -ver para crer, o PP falando de independencia!-. Detrás dese movemento do Partido Popular está a man do que *“fue a Castilla y perdió su silla”*. Pero como o que

ten bo padriño bautízase, déronlle outro asento con pel de coiro no Parlamento de Galicia, cun bo soldo e con tempo para conspirar na procura de retomar o trono perdido da Deputación.

Ademais, o descoñecemento e o afán de protagonismo dalgún grupo de recente creación está a agravar esta complicada situación. Pasan os meses, seguen sen atopar o norte pero tampouco escoitan sabios consellos. Mala pinta ten o seu futuro.

As políticas desenvolvidas por uns e outros están a retrasar os necesarios acordos para constituír un ente metropolitano que revitalice a comarca e sirva para crear novas infraestruturas viarias, mellorar o transporte público, traer investimento público para os parques industriais, mellorar e garantir a subministración da auga e o saneamento...

O Partido Popular non pode ter unha política positiva para Vigo, onde impuxo a Área Metropolitana, e outra negativa para A Coruña. Hai que facer política con maiúsculas e colocar a cidade herculina e a súa comarca no lugar que lle corresponde. Debemos crear unha área metropolitana competitiva, con servizos e infraestruturas, con empresas que creen ese traballo tan necesario para a xente nova e non tan nova que está a sufrir os desgovernos deste país.

É hora de feitos e non de enganados, nin de ambicións persoais nin de demagogias. Todos estamos obrigados a tirar do carro. Como di o dito: *a quen Deus lla dea, San Pedro lla bendiga*.



O carril bici desde a ría da Pasaxe ata Mera será unha realidade antes do vindeiro verán ▶

◆ Adxudicáronse definitivamente por 813.709,05 euros as obras da segunda fase da construción da beiravía e do carril bici entre Santa Cruz e Mera. Este novo tramo discorrerá desde Augarrío ata a casa do pobo de Dorneda, principalmente pola marxe esquerda da estrada -dirección Mera-. No treito desde Arillo ata Mera, que xa se realizou unha gran parte do traballo na primeira fase da obra, procederáse a axardinar e aglomerar o firme para crear o carril bici e a beiravía peonil. Tamén se vai incluír neste proxecto, o pintado e a sinalización de todo o carril bici existente desde a ría da Pasaxe ata Santa Cruz.



■ Está previsto que as obras comecen nos próximos días



Sae a contratación por 2,1 millóns de euros o sifón da ponte da Pasaxe e o novo colector ◀

◆ A Consellería de Medio Ambiente sacou a contratación a construción dun sifón e dun gran colector que permitirá diminuír significativamente os alivios á ría e incrementar a eficiencia enerxética do sistema posibilitando un importante aforro nos custos enerxéticos do actual bombeo de fecais situado baixo a ponte da Pasaxe. Con esta actuación, que a Xunta de Galicia contratará en 2017, o Concello de Oleiros reducirá a súa factura eléctrica en máis de 72.000 euros anuais ao poder enviar por gravidade desde Nirvana ata A Coruña as augas residuais que proceden da zona norte e de Santa Cruz.

■ A nova tubaxe irá desde o monumento de Che Guevara ata o bombeo da ponte da Pasaxe

Comeza a construción do tanque de tormentas de Santa Cruz ▶

◆ Os traballos de construción do tanque de tormentas de Santa Cruz, na zona dos xogos infantís do parque Luís Seoane, están a comezar nestes días. Esta actuación, en combinación coa creación do sifón da Pasaxe e novo colector da avenida Che Guevara, completará o proxecto de saneamento da ría da Pasaxe iniciado hai máis de 20 anos. As obras do tanque de tormentas foron contratadas pola Xunta por 3,6 millóns de euros. O 80% do financiamento procede da Unión Europea e o 20% restante achégao a Consellería de Medio Ambiente.



■ As obras contemplan a renovación do parque infantil que se atopa enriba do actual bombeo



◀ Adxudicada a construción da senda de Santa Ana a Canide

◆ Despois dos numerosos atrancos e incumprimentos impostos ao longo de varios anos pola Dirección Xeral de Costas, o Concello de Oleiros conseguiu contratar definitivamente por 375.584 euros as obras de creación da senda costeira que prolongará o paseo marítimo de Mera ata a zona verde de Canide. As obras, que estarán en marcha nos vindeiros días, fináncianse con cargo a un plan provincial, segundo o que a Deputación achegará o 80% dos cartos e o Concello o 20%.

Iniciouse a ampliación da Escola Municipal de Danza e Teatro ▶

◆ As obras de ampliación da Escola Municipal de Danza estanse a desenvolver a moi bo ritmo. Con esta actuación vai aumentarse a superficie desta instalación pública que conta cun uso moi elevado por parte de centos de persoas que participan nas actividades municipais. Cando rematen os traballos crearase tamén unha escola de teatro no soto do edificio. O custo desta actuación é de 229.053 euros.



■ Está previsto que o acondicionamento do soto estea rematado para o vindeiro curso 2017-2018

Un muro pechará a Finca Tenreiro ▼



◆ As obras do muro de peche do ámbito do parque público da Finca Tenreiro, que alberga no seu contorno o Colexio Juana de Vega de Nós, comezarán de xeito inminente. O custo desta nova construción é de 60.792,24 euros, que se pagan cos fondos procedentes do superávit económico colleitado pola xestión do Goberno municipal en 2015. Con este muro preténdese garantir a seguridade dos relevantes elementos arquitectónicos existentes no interior do recinto.



Tamén se está a completar a restauración, por parte do alumnado do Obradoiro de Emprego que financia a Consellería de Traballo con 179.134,20 euros, da antiga vivenda dos caseiros da finca. Un total de 26 persoas en situación de desemprego están a realizar diversos traballos de acondicionamento neste gran parque municipal.

Mellora a seguridade viaria nos accesos ao Colexio Juana de Vega coa creación dun paso de peóns en Salvador Allende

◆ A petición da ANPA do Colexio Juana de Vega e da Asociación de Veciños de Nós, o Concello de Oleiros realizou os trámites pertinentes diante da Xunta de Galicia para proceder ao pintado dun paso de peóns na avenida Salvador Allende. Así mesmo, o Concello tamén sinalizou e pintou outro paso na rúa Manuel Murguía que empregan os nenos e nenas que viven nas proximidades do centro.



Unha grada cuberta completará a renovación do campo de fútbol municipal de Iñás ▼



■ Recreación da futura grada que se construírá no campo de Iñás

◆ Están a realizarse nestes días os trámites para a contratación das obras de construción dunha grada cuberta no renovado campo de fútbol municipal de Iñás. A actuación, de 156.250 euros, finánciase a través dun convenio coa Deputación da Coruña mediante o que o organismo provincial achega o 80% dos cartos e o Concello o 20%

restante. Esta obra, xunto coas outras que están a finalizar estes días -instalación de céspede artificial, peche do recinto, iluminación, ampliación de vestiarios e pavimentación dos accesos-, porá fin ao equipamento total de infraestruturas deste campo de fútbol. A instalación será utilizada polo Club Atlético San Pedro e outros clubs do municipio.



O investimento na ampliación da casa do pobo de Mera ◀ supera os 100.000 euros

◆ Está previsto que nos vindeiros días dean comezo os traballos de ampliación da casa do pobo de Mera. As obras foron contratadas no mes de decembro por 106.417,65 euros e ademais da creación dunha nova sala implicarán o pintado de toda a fachada, o cambio das fiestras por unhas novas de carpintería de aluminio e a instalación dun novo sistema centralizado de calefacción a gas cunha caldeira de condensación de alto rendemento.

■ A casa do pobo de Mera ten un uso moi elevado por parte das entidades das parroquias de Serantes e Maianca.

Os propietarios contratan as obras de urbanización de Xaz ▶ por 14,5 millóns de euros

A xunta de compensación de propietarios da urbanización de Xaz, formada por máis de 160 particulares, adxudicou as obras de urbanización de todo o ámbito á empresa López Cao, que tamén realizará a construción do campo de golf. A superficie total que abrangue o Plan parcial de Xaz é de 1.100.000 metros cadrados. Grazas ás políticas urbanísticas desenvolvidas polo Goberno municipal, máis de 300.000 metros de todo ese solo pasarán a ser públicos e destinaranse a zonas verdes e equipamentos.

Flexibilízanse as condicións para adquirir as parcelas municipais á venda

◆ Os solares urbanos que o Concello de Oleiros ten á venda pódense adquirir a un prezo máis económico despois da última revisión realizada polos técnicos municipais. A rebaixa oscila entre o 10% e o 40%, dependendo da situación do terreo. Ademais, para facilitar a compra destes terreos foron eliminadas algunhas cláusulas como as que obrigaban aos compradores a construír no primeiro ano ou a que impedía a posterior venda da parcela. Aínda así, incorporáronse novas condicións que imposibilitan a especulación. As persoas que poidesen estar interesadas poden consultar máis información na web municipal ou na Secretaría Xeral do Concello.

Centos de veciños cortan a N-VI para esixirlle a Fomento a glorieta de Beiramar-Agramar e os pasos elevados no Seixo ▼



■ O corte de tráfico prolongouse durante 4 minutos, para prexudicar o menos posible os condutores, xa bastante castigados

◆ O pasado 26 de novembro un grupo importante de veciños procedentes de diversos lugares do concello, xunto con algúns da zona máis afectada, manifestáronse na N-VI para demandar as obras da intersección de Beiramar-Agramar, así como a construción de pasos de peóns na zona do Seixo. Os veciños tomaron a decisión de levar a cabo esta acción nunha asemblea aberta celebrada na Fábrica na que deixaron patente o seu profundo malestar pola situación que padecen debido ás graves deficiencias que presentan as infraestruturas viarias entre a ponte da Pasaxe e o linde con Cambre. O Concello ten previsto unha nova actuación reivindicativa para o mes de xaneiro. O Goberno municipal está a planificar este novo acto que tería lugar nese mesmo sitio, no que os atascos son diarios.



◀ Este sería o tipo de paso elevado que o Ministerio de Fomento ten previsto instalar entre a intersección de Beiramar-Agramar e O Seixal. Un estaría situado á altura do Mercadona e outro na zona da Citroën. Os responsables do Ministerio de Fomento comprometéronse co alcalde de Oleiros para construílos en 2017. O Goberno central tamén adquiriu o compromiso de destinar unha partida dos orzamentos do Estado deste ano a iniciar as obras da glorieta e do paso subterráneo de Beiramar-Agramar, que se executarían durante os tres vindeiros exercicios. Agardemos que cumbran.

A Xunta segue sen abrir á circulación o acceso ao porto de Lorbé

◆ Incomprensiblemente, máis de dous meses despois de ter rematada a obra de conexión da vía Ártabra co porto de Lorbé a estrada segue pechada á circulación. Ademais, a Xunta de Galicia ten pendente a ordenación do aparcadoiro das inmediacións do peirao cuxos terreos foran expropiados polo organismo autonómico para completar os accesos a un dos portos con maior importancia de todo o norte de Galicia.

A Xunta de Galicia tamén ten pendente a conexión da vía Ártabra coa AP-9. Neste momentos, estase a redactar o proxecto xa que o Goberno autonómico pretende facer a conexión nun punto distinto ao previsto inicialmente: en Pravio -Cambre- baixando cara a Regueiro escuro, xa na localidade de Nós.

■ Este tramo da vía Ártabra, en Lorbé, atópase preparado para ser utilizado



O Goberno municipal inviste 200.000 euros na nova sede do Servizo de Emerxencias



■ A nova situación do servizo posibilita uns tempos de resposta menores ao dispoñer de mellores comunicacións viarias

◆ O Concello destinará dúas das naves que posúe no polígono de Iñás á nova sede do Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil de Oleiros. As obras de adecuación da nave van supoñer un investimento próximo aos 200.000 euros e serán contratadas nos vindeiros días. Na actualidade, a sede deste servizo público, imprescindible para a seguridade

cidadá, atópase nas dependencias da antiga escola das Pedras, entre Perillo e Montrove. Este recinto resulta insuficiente a día de hoxe para albergar os numerosos medios técnicos existentes, que nos últimos meses se viron incrementados cun novo camión de bombeiros e unha nova embarcación para empregar nas urxencias marítimas.



O Concello adquire por 550.000 euros un edificio no centro de Oleiros para a Facenda Municipal

■ *A nova situación facilitará os trámites administrativos aos veciños e veciñas, ao centralizar as dependencias públicas arredor da Casa Consistorial*

◆ O Concello adquiriu por 550.000 euros o edificio, propiedade do Banco Pastor, que está situado no centro urbano de Oleiros, nas inmediacións da Casa do Concello. Este inmovible, que será destinado á Área de Economía Municipal, acollerá todas as dependencias da Facenda municipal. Nos vindeiros meses trasladaranse a este edificio as oficinas de Recadación que na actualidade están en Perillo, nun local que fora prestado por Caixa Galicia. Esta nova instalación municipal consta de baixo e 4 plantas, ten unha superficie de máis de 1.000 metros cadrados e atópase en perfecto estado de conservación para a súa inmediata utilización.

■ Os trámites administrativos pasarán a estar concentrados no centro de Oleiros

Un dos contratos de limpeza viaria do municipio renóvase por 1,9 millóns de euros ▼

◆ O Concello contratou unha parte do servizo de limpeza viaria do municipio que afecta a diversas localidades. Son distintas as empresas que están a realizar este servizo, en diferentes zonas. Esta fase en concreto ten un custo total de 1.916.000 euros e o acordo estará vixente 4 anos, coa posibilidade de ampliálo outros dous máis. O Goberno estipulou para este novo contrato unha ampliación das zonas de limpeza en todas as localidades e un incremento da frecuencia dos traballos.

A actuación do Goberno municipal permite desbloquear o derrubamento de dúas vivendas

■ Fenosa pretendía cobrarlle 11.700 euros ao propietario por retirar os cables da fachada



■ Contraste entre o antes e o despois da demolición destas dúas vivendas na avenida Francisca Herrera

◆ A demolición de dúas casas en ruínas no centro de Oleiros puido completarse grazas a que o Concello de Oleiros retirou os cables da fachada. O propietario, que fora requirido para derrubar as construcións, viuse imposibilitado a facelo debido ao espolio que se pretendía cometer por parte de Gas Natural Fenosa, que quería cobrarlle 11.700 euros por retirar os cables. Á compañía eléctrica constáballe que as obras de canalización necesarias para o soterramento xa estaban feitas polo Concello desde hai máis dun ano e, dada esta situación, estaba obrigada a realizar

a actuación sen ningún custo para o dono da vivenda. Debido a que só se atopaban en pé as fachadas das dúas vivendas, o risco de derrubamento sobre a vía pública era moi elevado. Dada a urxencia da situación, o Concello de Oleiros procedeu a retirar os cables o que permitiu que se puidese completar a demolición destas casas. Gas Natural Fenosa terá agora que asumir o custo da actuación municipal e soterrar de xeito definitivo os cables.

A loita contra os plumachos non cesa



■ Operarios municipais procederon á queima da herba da pampa en Iñás

◆ As queimas controladas de grandes parcelas que se atopan invadidas de plumachos comezaron con éxito hai unhas semanas no polígono de Iñás. Este novidoso método de eliminación da herba da pampa é unha alternativa moi eficaz para aqueles lugares nos que nin se poden usar herbicidas nin é posible realizar rozas con tractores.

A herba da pampa é unha planta invasora que está a arrasar coa vexetación autóctona galega. O Concello de Oleiros leva anos denunciando e loitando contra este grave problema medioambiental que debido ao abandono das demais administracións públicas está a provocar unha situación de alto risco natural. Ademais das campañas de concienciación que se realizan nas radios e as denuncias ante as demais administracións para que procedan a eliminar os plumachos, o Concello está a cortar e arrincar esta planta por todo o municipio. Nas fincas privadas, os seus propietarios tamén están obrigados a eliminalas.

Un veciño toma atribucións que non lle corresponden en Nós

◆ Un veciño da rúa da Xustiza podou salvaxemente tres árbores situadas na beirarrúa, diante do seu domicilio, o que supón un grave ataque contra o patrimonio público natural. Ningunha persoa pode actuar sobre a vía pública nin os seus elementos.

A poda das árbores que se atopan na vía pública non pode ser realizada por ningún cidadán. De repetirse outros casos como o acontecido en Nós, os infractores terán que afrontar unhas sancións económicas exemplarizantes.



■ Así quedaron as tres árbores atacadas na rúa da Xustiza

O Concello de Oleiros inaugura oficialmente a rúa Concelleiro Alfredo Novoa ▼



■ Alfredo Novoa recibiu unha réplica da placa da rúa que leva o seu nome.

◆ O pasado 10 de decembro decenas de amigos e compañeiros de Alfredo Novoa Gil participaron no acto oficial no que se lle puxo o seu nome á rúa que dá acceso ao Colexio de Nós, entre a avenida Salvador Allende e a rúa Alexandre Bóveda, dous grandes loitadores. O Goberno municipal procuraba unha vía singular para outorgarlle o seu nome e que mellor que a rúa do colexio da localidade na que o ex concelleiro reside desde hai máis de 30 anos.

Alfredo Novoa Gil é un destacado político que formou parte dos gobernos municipais desde 1987 ata 2007. Dedicou unha grande parte da súa vida á xestión e ao desenvolvemento do concello e foi unha persoa clave na posta en marcha e consecución do singular modelo político e social existente en Oleiros. Tamén presidiu o Fondo Galego de Cooperación durante 15 anos e desenvolveu un importante traballo como sindicalista de Comisións Obreiras.

O novo regulamento da auga libera os veciños de importantes cargas económicas ▼

■ *O pleno municipal aprobou na sesión de novembro un novo regulamento de subministración domiciliar de auga que vén a actualizar o que estaba en vigor ata hoxe. O novo documento, ademais de adaptarse ao marco legal existente, regula o servizo da auga potable tendo en conta a profunda transformación experimentada no concello nos últimos 40 anos.*

◆ Os dous cambios máis destacables introducidos no regulamento liberan os particulares de varios gastos importantes. A empresa subministradora do servizo de auga pasa a asumir as avarías que se produzan nas canalizacións que van desde a rede xeral ata os domicilios. A concesionaria tamén asumirá a responsabilidade sobre os contadores, eliminando posibles custos para os veciños, e terá que cambiar todos os existentes no municipio nun prazo de 10 anos. Para que o Concello de Oleiros poida asumir eses custos engadidos, o recibo da auga incrementarase en 41 céntimos ao mes. Ademais, establécense taxas para unha serie de manobras e operacións que o regulamento anterior non contemplaba e que son moi frecuentes a día de hoxe.

CALENDARIO FISCAL 2017

Do 1 de marzo ao 2 de maio de 2017

- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica
- Taxa por entrada de vehículos e reserva de espazo
- Taxa de cemiterios municipais
- Taxa de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa
- Taxa de aproveitamento do dominio público con caixeiros de entidades financeiras e máquinas expendedoras instaladas nas fachadas e manipulables desde a vía pública

Do 15 de setembro ao 20 de novembro de 2017

- Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e rústica
- Imposto sobre actividades económicas

Por un Oleiros limpo ▼

■ O cumprimento por parte de toda a cidadanía das normas relacionadas co lixo é imprescindible para unha mellor convivencia. A separación dos residuos para a súa reciclaxe, o respecto dos horarios estipulados e a utilización do punto limpo son obrigas que permiten conservar o noso municipio da mellor maneira posible. Naqueles casos nos que se incumpra a normativa, o Concello adoptará medidas sancionadoras contra os infractores. Ningunha persoa ten dereito a degradar o contorno no que vivimos.



O lixo só pode tirarse de domingo a venres, desde as 21:00 ata as 8:00 horas. Nos casos nos que non se están a respectar estes horarios, ocasiónase un grave prexuízo ás persoas que teñen os seus domicilios nas proximidades dos contedores. Ningunha persoa ten que tolerar as condutas incívicas duns poucos, que emporcan de xeito considerable as rúas de Oleiros.



Está prohibido deixar podas, mobles ou electrodomésticos nos contedores do lixo ou nos seus contornos. Todos estes residuos teñen que levarse ao Punto Limpo.



O lixo debe introducirse dentro dos contedores, en bolsas pechadas, respectando as normas de reciclaxe, separando os residuos orgánicos e inertes. Non está permitido baleirar bidóns con desperdicios, nin deixar restos espallados polas inmediacións ou no interior dos recintos que albergan os contedores.



O papel e o vidro deben depositarse nos contedores habilitados. No caso do papel e do cartón, debe ser dobrado e pregado. En ningún caso pode quedar fóra dos depósitos.



A utilización do Punto Limpo é gratuíta. Está situado no polígono comercial de Iñás e está aberto de luns a sábado. No Punto Limpo do Concello de Oleiros recíclanse, entre outras cousas, aceite, pilas e baterías, podas, escombros de obras menores, mobles, electrodomésticos e aparellos electrónicos, pneumáticos, palés ou colchóns.



Nas zonas de Perillo, Santa Cruz e Oleiros nas que existen contedores subterráneos é habitual que algúns cidadáns incívicos e algúns hostaleiros non introduzan as súas bolsas nos depósitos de lixo, o cal, ademais de ofrecer unha pésima imaxe, ocasiona problemas de hixiene pública.

Este tipo de comportamentos incívicos serán sancionados con multas dun mínimo de 300 euros

O Concello concede 214.796,27 euros para as actividades das entidades ▼

■ A Xunta de Goberno local aprobou a concesión das subvencións solicitadas polas distintas entidades, asociacións e clubs do municipio sen ánimo de lucro, atendendo ás normas de concorrencia competitiva determinadas nas bases da convocatoria. En total repártense 214.796,27 euros entre 63 entidades. As ANPA e os centros de ensino público reciben a metade dos cartos.

◆ Dada a importancia que ten no Concello de Oleiros o asociacionismo veciñal, educativo, cultural, xuvenil e deportivo, o Goberno municipal impulsa todos os anos unha liña de axudas económicas directas dirixidas ás entidades sen ánimo de lucro. O obxectivo que se persegue é fomentar a participación activa e creatividade no tempo de lecer, contribuíndo a promover a difusión e a posta en valor da cultura galega, tendo tamén unha especial atención coas actividades deportivas que traballan coas categorías base.

Ademais destas importantes subvencións, o Concello de Oleiros pon a disposición das entidades infraestruturas, equipamentos e recursos humanos para o desenvolvemento das diferentes actividades. A conservación e mantemento das instalacións públicas que empregan as diferentes asociacións e os clubs deportivos supoñen un importante gasto económico para as arcas municipais. O mesmo acontece cos recursos humanos que o Concello pon a disposición dos diferentes colectivos para levar a cabo as súas actividades. Toda esta colaboración que se presta desde a administración supera con creces os máis de 200.000 euros que se conceden anualmente.

1. Centros de ensino público: 66.761,00 euros

ENTIDADE	Subvención concedida
■ CEIP Isidro Parga Pondal	7.618,00
■ CEIP Rabadeira	9.168,00
■ CEIP Valle Inclán	9.730,00
■ CEIP Luís Seoane	6.750,00
■ CEIP de Oleiros (Nós)	3.674,00
■ IES María Casares	12.684,00
■ IES Miraflores	11.565,00
■ IES Xosé Neira Vilas	5.572,00



■ Os colexios públicos reciben as subvencións municipais en base ás diferentes actividades e viaxes que realizaron en 2016.

2. ANPA: 30.519,40 euros

ENTIDADE	Subvención concedida
■ ANPA Bidueiro	3.816,52
■ ANPA Colexio Público de Mera (Luis Seoane)	21.848,25
■ ANPA Miguel Hernández do IES Miraflores	1.384,63
■ ANPA do IES Xosé Neira Vilas	1.800,00
■ ANPA Os Pazos IES María Casares	1.120,00
■ ANPA Bolboreta da EMDO	550,00



■ As ANPA organizan diferentes actividades extraescolares para o alumnado dos centros de ensino público.

3. Asociacións veciñais: 21.560,23 euros

ENTIDADE	Subvención concedida
■ A.VV. A Ría	3.969,42
■ A.VV. Os Rueiros	5.231,27
■ A.VV. San Antón	2.776,74
■ A.VV. Santaia	5.185,73
■ A.VV. Rialta-Xoecer	1.481,15
■ A.VV. San Cosme	2.915,92



■ As asociacións de veciños traballan arreo durante todo o ano para ofertar unha amplísima variedade de opcións culturais, festivas e de ocio.

4. Entidades culturais e comisións de festas: 23.137,19 euros

ENTIDADE	Subvención concedida
■ Agrupación Artística e Cultural Semente Nova	1.600,00
■ Agrupación Cultural "A Marola"	2.177,87
■ Asociación Cultural Coral Lembranzas Santa Cruz	1.250,88
■ Asociación de Amas de Casa	1.133,64
■ Asociación Mulleres Rurais A Cabana	867,10
■ Centro Cultural e Instructivo	1.047,60
■ Coral Polifónica de Mera	1.104,96
■ S.C.R. Amigos de Lorbé	2.627,45
■ A.C.D.R.V.P. Rosario de Dorneda	3.114,13
■ Os Decanos Hogar Municipal 3ª Edad	1.104,96
■ Coral Airiños de Nós	1.085,56
■ A.C. O Amanexo	1.523,33
■ A.C. Pensionistas de Mera	339,08
■ Coro de Oleiros	1.160,63
■ A.C. Confraría de Santa Ana de Mera	1.610,40
■ Comisión de Festas Miraflores de Oleiros	1.389,60



■ As entidades culturais e as comisións de festas manteñen vivas as tradicións e a cultura galega.

5. Clubs de fútbol: 37.800,00 euros

ENTIDADE	Subvención concedida
■ Club Atlético San Pedro	5.870,00
■ Club de Fútbol Santa Cruz	3.560,00
■ Club Deportivo Obrero de Oleiros	8.250,00
■ Hércules S.D.C.	1.600,00
■ Marino de Mera C.F.	5.830,00
■ Unión Campestre F.C.	4.020,00
■ Club Atlético Perillo	2.700,00
■ A.D. Cristo Rey	2.750,00
■ Club Xuventude Dorneda	3.220,00



■ Ademais destas subvencións, os equipos reciben outros 7.000 euros pola súa participación no Trofeo de Fútbol Municipal. No caso daqueles que empregan campos privados, o Concello tamén sufragará os gastos que teñen de luz e de auga.

6. Entidades deportivas: 35.018,45 euros

ENTIDADE	Subv. concedida	ENTIDADE	Subv. concedida
■ Sociedade Cultural e Deportiva Rabadeira	2.348,25	■ Escola Ximnasia Acordes	2.645,16
■ Club Breogán - Oleiros	1.263,54	■ Club de Tenis da Coruña	1.535,98
■ Club Mera, F.S.	2.168,59	■ Judo Club Oleiros	1.783,12
■ Club Patinaxe Oleiros	2.741,32	■ Club Acuatic Oleiros	1.673,47
■ Escueladetenisnabala.com	515,37	■ Asociación Deportiva As Mariñas	756,21
■ Escola artística UDC (Club Gabi)	2.522,01	■ Agrupación deportiva Fogar da Xuventude	1.227,27
■ Club de Regatas de Perillo	5.593,13	■ Escola de artes marciais Bushido	253,04
■ Club Balonmán Oleiros	1.093,15	■ Club ximnasia Universidade da Coruña	1.026,52
■ Centro Deportivo Mariñeiro	4.413,94	■ Club hockey Oleiros	1.458,38

Ata sempre comandante



■ Fidel Castro recibe un agasallo do alcalde de Oleiros nun encontro con alcaldes galegos na Habana

◆ Fidel Castro Ruz, falecido recentemente, é o revolucionario máis importante da historia da humanidade. Un cubano – galego universal, concelleiro honorífico de Oleiros, que nunca sucumbiu ante os continuos ataques perpetrados polo imperialismo. O seu liderado permitiu que a República de Cuba acadase importantes conquistas sociais para converterse no país máis culto e educado do mundo. Castro tamén foi un gran libertador e xunto co pobo cubano levou a independencia a moitos países do mundo que se atopaban subxugados aos colonizadores e aos gobernos asasinados.

O Concello de Oleiros apoiou a Cuba, principalmente, á raíz da caída do muro de Berlín. Foron numerosos os programas de cooperación co país caribeño e as accións de apoio e divulgación do sistema cubano para romper o bloqueo perpetrado por Estados Unidos, os países da antiga URSS e os estados europeos.

O Goberno municipal creou unha intensa rede de cooperación con concellos e ONG. O alcalde enviou decenas de empresarios a investir en Cuba e contribuíu á realización da viaxe do presidente Manuel Fraga. Desde Oleiros tamén se organizaron encontros con alcaldes galegos na Habana; publicáronse os libros “A idade de ouro” de José Martí e “A historia absolverame”, en galego, contando coa colaboración do ilustre escritor Neira Vilas; promovéronse intercambios entre universidades do Estado e a universidade da Habana e trouxéronse a centos de artistas cubanos para facer proselitismo.

O Goberno municipal pretendía render homenaxe á relevante figura de Fidel Castro outorgándolle o seu nome ao Parque das Galeras. A vontade do líder da revolución cubana de que no se construíse ningún monumento na súa honra nin que tampouco se lle puxese o seu nome a ningunha praza, rúa, parque ou institución impediuno.

Un colexio de Guatemala recibe pupitres e bicicletas



■ Graduación dun grupo de estudantes deste centro

◆ O Concello de Oleiros, en colaboración coa Fundación Fundanova, acaba de realizar o envío de pupitres e bicicletas para o alumnado dun colexio guatemalteco da localidade de Champerico, unha remota localidade da costa do Pacífico. Os pupitres foron doados por unha persoa particular e as bicicletas, un total de 17, levaban máis de dous anos sen ser reclamadas no depósito de obxectos perdidos da Policía Local.

O colexio Centro Experimental del Pacífico atópase en proceso de ser absorbido pola administración. Máis de 500 nenos e nenas cursan primaria e secundaria neste centro, xunto cun elevado número de adultos que aprenden a ler e escribir nestas instalacións.



◆ Os médicos da ONG Solidariedade Galega completaron con éxito o proxecto sanitario desenvolvido nun hospital rural de Chiapas. A expedición formada entre outros por Cecilia Vecillas, atendeu a 253 persoas e practicou 41 intervencións quirúrxicas. O Concello de Oleiros cofinanciou este proxecto con 8.700 euros.

A festa do Entroido será o venres 3 de marzo

Difrázate e participa!!!

◆ O día grande do Entroido oleirense retrárase este ano un pouco e será o primeiro venres de marzo, despois do martes de Entroido e xusto o día anterior ao sábado de piñata. Como é habitual, a polideportiva Arsenio Iglesias de Santa Cruz, xunto ao colexio Parga Pondal, acollerá a partir das 19:00 horas a tradicional festa que incluírá música en directo, chocolatada, concurso de disfraces e a actuación sorpresa de todos os anos.

No concurso de disfraces haberá categoría individual e de grupos. En total, repartiranse máis de 3.000 euros en premios para recoñecer os mellores disfraces e tamén os máis simpáticos nun certame que é unha referencia dentro da comarca.



■ Un dos grupos que participou no concurso de disfraces do pasado ano

O Goberno municipal destinará máis dun millón de euros á atención de persoas maiores e dependentes ▼

◆ O Concello de Oleiros segue a apostar pola atención ás persoas maiores e dependentes e ás súas familias a través do Servizo de Axuda no Fogar, prorrogando o contrato actual por dous anos máis e incrementando as horas de atención das 39.500 horas anuais actuais ás 61.000 horas anuais de servizo para os dous próximos anos. En total, destinaranse 1.104.200 euros anuais nos orzamentos municipais deste 2017.

Este programa, no que o ano pasado foron atendidas 212 persoas, oferta apoios e atencións persoais ás persoas con dependencia e ás súas familias, ademais dunha serie de servizos complementarios como telefarmacia, préstamo de axudas técnicas, fisioterapia, perruquería, podoloxía... Un conxunto de atención e servizos destinados a apoiar a permanencia das persoas maiores nas súas casas todo o que sexa posible, evitando internamentos innecesarios que se poden resolver cun pequeno apoio.

Coidando dos que coidan

◆ O programa Descubrindo Emocións, iniciado en 2009, procura mellorar a calidade de vida das persoas coidadoras e reducir a aparición de trastornos psicolóxicos motivados pola tarefa de coidar. O benestar emocional destas persoas é un obxectivo prioritario para o Concello de Oleiros, de aí o desenvolvemento deste programa de apoio a persoas coidadoras.

A partir do 25 de xaneiro celébranse sesións terapéuticas quincenais nas que as persoas coidadoras conectan con outras en circunstancias similares e adquiren habilidades para enfrontarse aos seus problemas diarios. Tamén se pretende fomentar e establecer unha rede de apoio social para esas persoas, así como un soporte emocional estable.

Descubriendo
EMOCIÓNS

Un curso ensinará a realizar un uso seguro das redes ▼

◆ No próximo mes de marzo, en colaboración co equipo informático da Garda Civil, vai impartirse un curso sobre o uso seguro de internet dirixido especialmente ás persoas maiores que acoden aos cursos de formación en informática organizados pola Concellería de Servizos Sociais dentro das Actividades 60+. As persoas interesadas en participar deberán dirixirse ao Departamento de Servizos Sociais: 981 610 000 ou s.sociais@oleiros.org.

Mónica Castelo proclámase campioa de Europa de Rugby ▶

◆ A gran deportista oleirense Mónica Castelo, veciña da localidade de Nós, proclamouse recentemente campioa de Europa de Rugby coa selección española. Castelo xa é unha habitual das convocatorias da selección española, coa que acumula preto de 10 partidos como xogadora internacional. Ademais, xoga na División de Honra co CRAT da Coruña, título que tamén conquistou en 2015.



O Acordes gana a Copa de España de ximnasia estética e tamén destaca na Copa de España de rítmica ▼



◆ O equipo sénior de ximnasia estética da Escola Ximnasia Acordes de Oleiros proclamouse campión da Copa de España que se celebrou en Cartaxena grazas a un extraordinario exercicio das mulleres oleirenses. En novembro, na Copa de España de ximnasia rítmica, os equipos alevíns e infantís do Acordes tamén completaron unha fantástica actuación ocupando o sexto e o quinto posto, respectivamente, nas clasificacións finais desta multitudinaria modalidade deportiva.



Sara García participa no prestixioso programa “Puente de la excelencia”

◆ A taekwondista de Montrove Sara García foi convocada pola selección española para participar no reputado programa “Puente de la excelencia”, que lle permitirá adestrar durante unha semana no CAR de Barcelona xunto aos mellores loitadores do Estado. Sara García, que o pasado ano se proclamou campioa de España, conta con serias opcións de participar nos próximos Xogos Olímpicos que se celebrarán en Tokio en 2020.

Uxía Martínez triunfa en 2016 e apunta ao máis alto do tenis internacional ▶

◆ A tenista Uxía Martínez, veciña de Montrove, venceu o Mutua Madrid Open Sub16, o Torneo Cidade de Vigo, o Trofeo Ifevi e foi subcampioa do Torneo Open Mutua Madrid en Santander. Con tan só 15 anos ocupa a posición número 70 na clasificación de tenistas absolutas españolas. Estes prometedores resultados fan de Uxía Martínez unha das tenistas con máis proxección e unha firme candidata a dar o salto ao circuíto internacional nun breve período de tempo.



Un total de 40 rapaces e rapazas gozan do surf na escola do Concello de Oleiros ▼



◆ A Escola Municipal de Surf comeza un novo curso con 40 rapaces e rapazas. Os mozos que participen nesta actividade disporán de monitores especializados e de todo o material necesario para practicar este deporte.

A actividade terá lugar no centro deportivo municipal da praia de Bastiagueiro desde febreiro ata xuño, coincidindo sempre co calendario escolar. Aínda que o prazo de inscrición xa está pechado, as persoas que puidesen estar interesadas poden contactar co Servizo Municipal de Deportes do centro cultural A Fábrica ou no correo electrónico deportes@oleiros.org.

A Escola Municipal de Hóckey conta con prazas dispoñibles para nenos e nenas de 5 a 7 anos ▼

◆ Hai máis de tres anos que a Escola Municipal de Hóckey botou a andar. O obxectivo inicial de que esta escola fose o xerme dun futuro club de hóckey no concello está xa cumprido coa creación do Club Hóckey Oleiros, polo que a continuidade dos nosos rapaces e rapazas unha vez rematen a súa etapa na escola están garantidas.

A Escola Municipal de Hóckey ofrece unha iniciación a este deporte, para nenos e nenas de 5 a 7 anos. A actividade desenvólvese todos os martes e xoves de 17:00 a 18:00 horas. Aínda existen prazas para os nenos nados entre os anos 2009 e 2011. As persoas que puidesen estar interesadas poden solicitar máis información no Servizo Municipal de Deportes do centro cultural A Fábrica ou no correo electrónico deportes@oleiros.org.

O pavillón José Antonio López Nieto acolle unha nova edición da Liga de Judo ►

◆ O vindeiro 25 de xaneiro arranca unha nova edición da Liga de Judo que organiza o Concello de Oleiros en colaboración co Judo Club Oleiros. Participan un total de 23 equipos de toda Galicia e Asturias nas categorías sub 11, sub 13, sub 15 e sub 18. Ademais desa primeira xornada o día 25, haberá competición os días 11 e 18 de febreiro e o 25 de marzo. Os combates comezan todos os días ás 9:00 horas e terán lugar no pavillón de Canide.



O colexio de Nós denomínase oficialmente CEIP Juana de Vega ▼

◆ O Concello de Oleiros, a petición da Asociación de Veciños de Nós, designou co nome de Juana de Vega o colexio da localidade, que se atopa inmerso xa no segundo curso da súa historia académica. O Goberno municipal, que comunicara esta decisión hai meses, estaba agardando pola confirmación da Consellería de Educación.

Juana de Vega foi unha importante activista política, unha ilustre escritora liberal e unha benfeitora na localidade. Cando faleceu cedeu o Pazo da Carballeira para que se convertese en escola e deixou os seus cartos para os seus empregados e para a formación e a educación dos nenos e nenas da zona.



Sara Escudero, Olaya Cea e Nuria Mexuto reciben importantes premios académicos



■ Sara Escudero - Olaya Cea - Nuria Mexuto

◆ Tres estudantes do municipio recibiron nas pasadas semanas importantes premios académicos polos seus extraordinarios resultados. Sara Escudero Rubio, que rematou en 2015 Arquitectura, foi distinguida co Premio Extraordinario Fin de Carreira que outorga a Xunta de Galicia aos mellores expedientes universitarios. Olaya Cea Fontela, que tamén completou en 2015 os estudos de Enxeñería de Organización Industrial, recibiu o mesmo recoñecemento. Pola súa parte, Nuria Mexuto Bautista recibiu o premio extraordinario da ESO, un galardón que reciben cada curso os mellores 20 estudantes de secundaria de toda Galicia. Todos estes premios veñen a recoñecer o traballo, a dedicación e a gran capacidade que teñen estas mulleres e a calidade dos centros de ensino público do noso municipio, pois estas tres brillantes estudantes proceden do IES María Casares.

Os obradoiros de olería infantil, xuvenil e de adultos

◆ Nas vindeiras semanas botan a andar novamente os obradoiros de olería infantil, xuvenil e de adultos, que organiza o Concello de Oleiros. Con estes cursos preténdese que o alumnado acade unha visión xeral das posibilidades que ofrece a olería nas súas diferentes técnicas, aprecie o feito artesán e o identifique cos valores culturais do municipio, fomentando actitudes de respecto polos oficios do barro e pola artesanía en xeral. As persoas interesadas nesta actividade poden solicitar información no centro cultural A Fábrica, no teléfono 981 636 598 ou no enderezo electrónico cultura@oleiros.org.



◆ O coro de Oleiros levou a súa música á cidade de Roma hai varias semanas. Os coralistas oleirenses cantaron unha misa na Basílica do Vaticano e tamén ofreceron un concerto na praza de España.

Máis de 3.200 alumnos e alumnas dos centros de ensino público participarán nas actividades de promoción da lectura



■ O alumnado do IES Neira Vilas durante unha das actividades literarias organizada polo Concello de Oleiros

escritores e escritoras, conferencias sobre a mitoloxía galega, ou visitas á biblioteca central para aprender a realizar buscas no catálogo bibliográfico. Desde as bibliotecas públicas municipais tamén se pretende que os escolares se acheguen á produción literaria de autores como Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Emilia Pardo Bazán, Xosé Miranda, Antonio Machado, Pedro Salinas, Federico García Lorca, Edgar Allan Poe, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz e Roald Dahl.

◀ promoción da lectura

◆ A Rede de Bibliotecas Municipais de Oleiros organiza diferentes actividades dirixidas ao alumnado dos centros de ensino público do municipio co obxectivo de conseguir novos e mellores lectores e lectoras que contribúan a crear unha sociedade máis culta, libre e solidaria; así como que coñezan algunhas das bibliotecas municipais para que as visiten e utilicen no horario en que non permanecen nos seus respectivos centros de ensino. Máis de 3.200 alumnos e alumnas de infantil, primaria, ESO e bacharelato participarán nesta programación que se levará a cabo desde xaneiro ata xuño.

En total ofértanse 45 actividades diferentes para que o profesorado de cada un dos centros de ensino público de Oleiros seleccione as que mellor se adaptan á súa programación escolar. En función da idade, do curso e da selección de cada centro de ensino, o alumnado poderá gozar con contacontos, espectáculos de música e baile, recitais de poesía, obradoiros de ilustración e de banda deseñada, encontros con

O programa municipal de reforzo escolar axuda os estudantes fóra do horario lectivo ▶

◆ O Concello de Oleiros volve poñer en marcha o programa de reforzo escolar dirixido ao alumnado dos centros de ensino público de Oleiros de primaria e secundaria. O obxectivo principal desta acción é prever o fracaso escolar entre os escolares e garantir a igualdade de oportunidades para todo o alumnado. As clases desenvólvense na casa da cultura de Perillo, na casa do pobo de Nós, no centro social de Rialta e no centro cívico de Santa Cruz.

Aínda que este programa xa está en marcha, existe a posibilidade de realizar novas inscricións. Os estudantes que se apunten agora e non dispoñan de prazas pasarán á listaxe de agarda, á espera de formar novos grupos. Para obter máis información, as persoas interesadas deberán dirixirse á Fábrica: ensino@oleiros.org ou 981 636 598.



O curso de preparación para obter o graduado en ESO xa está en marcha

◆ O Concello de Oleiros está a desenvolver un curso preparatorio para a obtención do título de graduado en ESO. As persoas asistentes a estas clases serán preparadas academicamente para que superen as probas libres para maiores de 18 anos que convoca a Xunta de Galicia para a obtención do título en ESO.

As clases desenvolveranse no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo e comezarán a finais de xaneiro. Aínda que as prazas xa están cubertas na súa totalidade, as persoas interesadas en apuntarse poden informarse no teléfono 981 636 598, no centro cultural A Fábrica ou no enderezo electrónico ensino@oleiros.org.



O alumnado de Oleiros reflexionará sobre a crise dos refuxiados a través da obra *Valados* de Agustín Fernández Paz

◆ O vindeiro **16 e 17 de febreiro** o alumnado de 3º e 4º de primaria dos centros de ensino público do municipio asistirán ao Auditorio Gabriel García Márquez para ver a obra *Valados*, de **Agustín Fernández Paz**, interpretada por Artestudio. Unha homenaxe tamén ao magnífico escritor de novela xuvenil, para estudar a súa obra e promover a lectura.

Este espectáculo narra a historia de dous amigos inseparables, Helena e Xoel, que viven na mesma vila, pero os seus barrios son diferentes. Unha mañá, unha reixa metálica érguese para dividir unha poboación da outra e os dous amigos quedan separados. Terán que idear distintas estratexias para poder estar en contacto.

Contacontos e obradoiros nas bibliotecas para os máis pequenos

◆ Durante os vindeiros meses as bibliotecas municipais continúan a ofertar unha ampla oferta de contacontos e obradoiros. Ademais, da programación habitual, no mes de febreiro haberá obradoiros de máscaras en todas as localidades. Para participar en calquera das actividades é preciso reservar praza. Pode facerse desde dez días antes en cada unha das bibliotecas ou a través dunha chamada de teléfono.



• BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

► Febreiro

- **Día 9** (18:30 horas): *Os ratiños da caixa* con **O rato Fuco**, para nenos e nenas de 4 a 6 anos.
- **Día 16** (18:30 horas): *Unha de bechos* con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- **Día 23** (17:30 horas): obradoiro de máscaras de entroido, para nenos e nenas maiores de 5 anos.

► Marzo

- **Día 2** (18:30 horas): *Contos para bebés* con **Pavís Pavós**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- **Día 9** (18:30 horas): obradoiro de cómic con **Asociación Participa**, para nenos e nenas de 8 a 12 anos.
- **Día 16** (18:30 horas): obradoiro *Bioteclólogos na biblioteca* con **Efervescencia**, para nenos e nenas de 7 a 10 anos.
- **Día 23** (18:30 horas): *O ratiño presumido* con **Lilí Gruyère**, para nenos e nenas de 4 a 6 anos.
- **Día 30** (18:30 horas): *Unha granxa diferente* con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.




• BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. Santa Cruz

► Febreiro

- **Día 8** (18:30 horas): *O paseo do elefante* con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- **Día 15** (18:30 horas): *Viaxe a África* con **Lilí Gruyère**, para nenos e nenas de 4 a 6 anos.
- **Día 22** (17:30 horas): obradoiro de máscaras de entroido, para nenos e nenas maiores de 5 anos.

► Marzo

- **Día 8** (18:30 horas): *Branca como a lúa, morena como a terra* con **Paula Carballeira**, para nenos e nenas de 4 a 6 anos.
- **Día 15** (18:30 horas): *A durmir* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- **Día 22** (18:30 horas): obradoiro de maxia con **Chrystyan Magic**, para nenos e nenas de 7 a 10 anos.
- **Día 29** (18:30 horas): *Onde está a risa de Lúa?* con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.



• BIBLIOTECA Mª JOSÉ TRINCADO. Mera

► Febreiro

- **Día 10** (18:30 horas): *Pío, pío* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- **Día 24** (17:30 horas): obradoiro de máscaras de entroido, para nenos e nenas maiores de 5 anos.

► Marzo

- **Día 10** (18:30 horas): *Érase outra vez: contos para cambiar o conto* con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas de 4 a 6 anos.
- **Día 24** (18:30 horas): *Bos días!* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.



• BIBLIOTECA Mª JOSÉ RUSO. Dorneda

► Febreiro

- **Día 6** (18:30 horas): *Quen quere un rinoceronte barato? E outras historias de animalíños increíbles* con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas de 4 a 6 anos.
- **Día 20** (17:30 horas): obradoiro de máscaras de entroido, para nenos e nenas maiores de 5 anos.

► Marzo

- **Día 6** (18:30 horas): *Azul* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- **Día 20** (18:30 horas): *Contamos en igualdade* con **Caxoto**, para nenos e nenas de 4 a 6 anos.



• BIBLIOTECA ÁNHEL FOLE. Nós

► Febreiro

- **Día 17** (18:30 horas): *O ratiño presumido* con **Lilí Gruyère**, para nenos e nenas de 4 a 8 anos.
- **Día 24** (17:30 horas): obradoiro de máscaras de entroido, para nenos e nenas maiores de 5 anos.

► Marzo

- **Día 17** (18:30 horas): *Fábulas do berce* con **Charo Pita**, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- **Día 31** (18:30 horas): *Contos para toda a catizumba* con **Paula Carballeira**, para nenos e nenas de 4 a 8 anos.



• BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. Oleiros

► Febreiro

- **Día 7** (18:30 horas): *A saúde afectiva* con **Trinke Trinke**, para nenos e nenas de 4 a 8 anos.
- **Día 21** (17:30 horas): obradoiro de máscaras de entroido, para nenos e nenas maiores de 5 anos.

► Marzo

- **Día 7** (18:30 horas): *A raíña de Turnedó e outras cousas de mulleres da historia* con **Soledad Felloza**, para nenos e nenas de 4 a 8 anos.
- **Día 21** (18:30 horas): *Contos de aquí e de acolá* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 4 a 8 anos.



• BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. Lorbé

► Febreiro

- **Día 16** (18:30 horas): *En branco* con **Ramiro Neira**, para nenos e nenas de 4 a 8 anos.

► Marzo

- **Día 2** (17:30 horas): obradoiro de máscaras de entroido, para nenos e nenas maiores de 5 anos.
- **Día 23** (18:30 horas): *Contos da primavera que todo o altera* con **Caxoto**, para nenos e nenas de 4 a 8 anos.



ACTOS LITERARIOS

• **Xoves 16 de febreiro, ás 19:00 horas - Biblioteca Rosalía de Castro, Santa Cruz**
Presentación do poemario *Limaduras de prata*, de Luisa Abad. A obra recolle unha serie de poemas sobre as experiencias e emocións da autora durante o tratamento dun linfoma.

• **Xoves 9 de marzo, ás 19:00 horas - Teatro das Torres, Santa Cruz**
Espectáculo *Aldaolado*, con Lucía Aldao e María Lado. Trátase dun recital de poemas de humor acompañados de música en directo.



O mellor teatro ao menor prezo

■ As mellores compañías de teatro do panorama estatal estarán en Oleiros durante os vindeiros meses para ofrecer espectáculos de primeiro nivel. O Concello subvenciona unha parte importante do custo destes espectáculos para garantir a oportunidade de acceso de todos os veciños e veciñas, o que posibilita que as entradas oscilen entre os 2,50 e os 5 euros.

Marzo

● **Sábado 4**, ás 20:30 horas Auditorio Gabriel García Márquez de Mera

María Barcala protagoniza **Helena, xuízo a unha lurpia**. Unha obra de teatro clásico, dirixida por Xúlio Lago, que reflexiona e denuncia ao redor do drama da muller contemporánea e tamén de moitas das dramáticas circunstancias polas que transita a nosa civilización.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



● **Sábado 11**, ás 20:30 horas Auditorio Gabriel García Márquez de Mera

O espectáculo **Resaca**, de Ilmaquinario Teatro, é unha celebración da vida e da amizade de cinco amigos que deciden xuntarse para reconstruír a súa memoria xeracional. Melania Cruz, Fernando González, Fran Lareu, Laura Míguez e Vadim Yukhnevich dan vida a esta historia.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



● **Sábado 25**, ás 20:30 horas Auditorio Gabriel García Márquez de Mera

Kulunka Teatro presenta **Solitudes**, unha obra na que un ancián pelexa polos seus desexos con determinación e dignidade. E isto, claro, terá as súas consecuencias. Garbiñe Insausti, José Dault e Edu Cár-camo forman o elenco desta obra.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



Abril

● **Sábado 8**, ás 20:30 horas Auditorio Gabriel García Márquez de Mera

Normas para saber vivir na sociedade moderna, de Sarabela Teatro, presenta baixo a forma dun divertimento irónico unha crítica feroz á sociedade. As actrices e actores que participan son Fina Calleja, Sabela Gago, Fernando Dacosta, Elena Seijo e Vadzim Yukhnevich.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



● **Sábado 22**, ás 20:30 horas Auditorio Gabriel García Márquez de Mera

A cabeza do Dragón, incluída por Valle-Inclán nunha colección de farsas, conta a viaxe ao corazón do dragón que se narra en todas as culturas do mundo. Ana San Martín, Víctor Mosqueira, Iván Marcos, Patricia Vázquez, Josito Porto, Yelena Molina, Marcos Orsi e Quico Cadaval recrean esta fantasía de Produccións Teatrais Excéntricas.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



● **Venres 28 e sábado 29**, ás 20:30 horas Auditorio Gabriel García Márquez de Mera

Luis Davila e Carlos Blanco combinan novamente enxeños e artes para atopar o cóctel perfecto. Desta volta viaxan a Broadway. Cos sachos, claro. E bailan claqué e todo. As risas nesta comedia, que contará con dous pases, están aseguradas... e debuxadas.

■ As entradas poñeranse á venda ás 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



Festival solidario co Pobo Saharai en Santa Cruz ▶

◆ O vindeiro domingo 29 de xaneiro, a partir das 17:00 horas, o teatro das Torres de Santa Cruz acolle un festival solidario co pobo saharai. Habrá espectáculos de maxia, baile, música e moitas outras actividades dirixidas a todo tipo de idades. A entidade Solidariedade Galega co Pobo Saharai organiza este evento en colaboración co Concello de Oleiros. A entrada é gratuita.

Solidariedade Galega co Pobo Saharai é unha entidade non gubernamental que pretende mellorar as condicións de vida dos refuxiados saharais e da poboación residente no Sáhara Occidental, ocupado por Marrocos. Tamén procura dar resposta ás necesidades de planificación e mellora na xestión e execución da axuda humanitaria dirixida os refuxiados saharais.



TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

Unha banda de primeira

Non son ningún experto en música nin moito menos, pero si que me gusta escoitar todo tipo de xéneros. Hai uns días tiven a fortuna de poder escoitar a Banda da Escola Municipal do Concello no festival de Nadal. A verdade é que xa os escoitara hai tempo en directo, e tamén levei posto durante unha boa tempada no coche o CD que chegou a casa, pero as pezas que interpretaron ese día do festival no auditorio de Mera marabilláronme. Pareceume un concerto dunha grandísima calidade musical, cun son realmente espectacular e que me cativou totalmente. Sorpréndeme, para ben, que esteamos diante da banda dunha escola. Se os músicos que a integran aínda se atopan en etapa formativa, como tocarán cando rematen os seus estudos... Por iso quero transmitirles as miñas máis sinceras felicitacións polo ben que o fan. E estou completamente convencido de que esta felicitación a comparten moitos outros veciños e veciñas. Parabéns artistas!

Enrique Rivas-Santa Cruz

Como non ser Ana María Enjamio

Neste país temos a desesperante manía de centrar os nosos esforzos en culpabilizar e fiscalizar o comportamento das persoas que sofren agresións. Por se isto fose pouco, a nosa indulxencia co agresor nos casos de violencia machista é sangrante. E non educamos para cambiar a situación.

Desde que coñecín a noticia do asasinato dunha muller en Vigo a mans dun compañeiro de traballo tras unha cea de empresa, escoitei afirmacións do tipo «Como se lle ocorre liarse cun home con dous fillos» ou «non debería ir camiñando soa a esas horas pola rúa». Tamén se publicaron artigos «recomendando» ás mulleres como vestirse pola noite e que facer para «non ser agredidas». Demencial. Si. Pero reflexo do que somos: unha sociedade onde o machismo foi normalizado. Ims por partes.

O primeiro que nos tería que quedar claro a todos cando falamos de violencia machista é que non nos referimos a un delito de violencia dun home contra unha muller. É algo moito máis profundo. Se eu mañá vou pola rúa e ataco a un home para roubarlle 20 euros, é un atraco. Se ataco a unha muller para roubarlle 20 euros, é o mesmo delito: o feito de que a vítima sexa unha muller, non o converte en violencia de xénero. Un tema moi diferente

é cando se exerce a violencia contra unha muller polo feito de selo.

Neste caso, o móbil do asasinato é o rexeitamento exercido por unha muller libre de vivir a súa sexualidade como lle dea a gana. Ela pasara páxina e non terían que facer falta máis explicacións. Non teríamos que lamentar outro asasinato machista. Pero resulta que o agresor non o acepta. Non acepta a liberdade de Ana María Enjamio de elixir, como muller e como persoa, con quen se deita e con quen se levanta. Non asume que, a pesar de que fora o seu xefe no ámbito laboral, non pode decidir sobre os sentimentos dela. E entón, asasinaa. Que vergonza que nesta sociedade o feito de ser unha muller sexa un factor de risco. Pero non o educamos para o contrario.

Deberíamos comezar a interiorizar que, como homes, non temos a potestade para elixir nin a roupa que se pon unha muller, nin a hora á que «é bo» que camiñe soa pola rúa. Non temos dereito a determinar o número de persoas coas que é moralmente aceptable que se deite nunha semana, nin tampouco a sinalar cales son as medidas que debe ou non tomar para «non ser violada».

En definitiva, a clave, por moito que se empeñen os medios de comunicación en demostrar o contrario, non está en como non ser Ana María Enjamio. Está en non asasinar a Ana María Enjamio. E para iso hai que educar en consecuencia. Hai que inculcar a igualdade en todas as esferas do social. E erradicar o machismo de raíz de todas as estruturas sociais, empezando, como non, pola escola.

Se non o facemos, seguiremos acumulando minutos de silencio como o de Ana María Enjamio.

S.C. - Liáns

Agradable sorpresa

Son veciña de Oleiros desde hai seis meses. Logo duns anos vivindo na Coruña, eu son da provincia de Ourense, decidín cambiar o meu lugar de residencia. Se ben é certo que teño que investir cada día practicamente 30 minutos desde o meu piso ata o meu posto de traballo, considero que ganeí en moitas outras cousas que me ofrece este marabilloso lugar no que cada día que pasa estou máis contenta.

Para a miña sorpresa, hai un par de semanas, chamaron á miña porta para facerme entrega dunha margarita e unha preciosa lámina con motivo do nacemento da miña filla. A verdade é que non tiña nin idea de que se facía isto aquí e paréceme unha idea boísima. A min persoalmente fíxome

moitísima ilusión e estou encantada coa lámina, que me parece preciosa. Quero amosar publicamente o meu agradecemento por este detalle, que seguro que non supón un grande investimento para a administración, pero que considero que ten unha carga simbólica importante, máis nesta nosa Galicia que tanto necesita de nenos e nenas para encher de vida cada recuncho do país.

Lucía Rodríguez-Bastiaqueiro

Os Reinos de Taifas

Dende hai moito tempo estase a artellar como entidade xurídica a denominada **Área Metropolitana da Coruña**, de acordo á lexislación española sobre administración local. Ata o de agora, e para aproveitar os recursos que desde a Comunidade Económica Europea se ofrecía para o efecto, creouse o **Consortio das Mariñas**, auspiciado polo Concello de Oleiros e ante a inanición do 'ínculto' Paco Vázquez (ex-alcalde da cidade da Coruña) localista e unha 'peste' para o desenvolvemento dunha viabilidade fluída dos accesos á vila herculina.

O dito **consorcio** viña a funcionar segundo o previsto con acerto, solvencia e bo xuízo nas súas formulacións e necesidades sempre por unanimidade das partes implicadas porque primaban os intereses da cidadanía por riba de todo.

Pero, a raíz das derradeiras eleccións á Xunta de Galicia, o panorama politizouse radicalmente. O nomeamento do 'popular' Diego Calvo, ex-presidente da Deputación Provincial da Coruña, como delegado do ente autonómico na provincia ordenou boicotear a asistencia dos tres alcaldes do PP (Abegondo, Arteixo e Carral) á primeira xuntanza constituínte convocada en tempo e forma, precisamente por unanimidade, a celebrar na Coruña coa presenza e compromiso de Xulio Ferreiro, alcalde coruñés. Esta esperpéntica manobra de intentar 'abortar' os acordos da maioría, convocando o Sr. Calvo outra en paralelo, contradíse coas declaracións públicas do presidente Núñez Feijóo que alenta este proxecto e avoga a un rápido consenso.

Estas manobras semellan o que pasou en tempos idos no Califato de Córdoba cos famosos 'Reinos de Taifas'. Este nomeamento confirma o desconcerto que ocasiona Calvo dentro do seu grupo, e veciñal, onde parece que cadaquén anda por libre e á súa 'bola' sen calibrar o importante calado social que vai achegar a posta en funcionamento da área metropolitana. Entre Calvos e Calvelos anda o xogo.

Rita la Cantaora (Montrove)

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 278
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	607 741 969

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	12 xaneiro / 11 febreiro / 12 marzo
Mingua	19 xaneiro / 18 febreiro / 20 marzo
Nova	28 xaneiro / 26 febreiro / 28 marzo
Medra	4 febreiro / 5 marzo / 3 abril

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

Aeroporto de Alvedro **981 187 200**

Estación autobuses A Coruña **981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



35.444 habitantes empadroados/as!

Ata o 28 de decembro, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:


DEXO (Santa María)	1.353
DORNEDA (San Martiño)	3.464
IÑÁS (San Xurxo)	1.210
LIÁS (Santa Eulalia)	10.350
MAIANCA (San Cosme)	1.374
NÓS (San Pedro)	4.739
OLEIROS (Santa María)	2.964
PERILLO (Santa Leocadia)	8.424
SERANTES (San Xulián)	1.566
TOTAL	35.444

FARMACIAS DE GARDA

Datas

■ LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás)	Do 13 ao 19 de xaneiro
■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027	Do 20 ao 26 de xaneiro
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937	Do 27 de xaneiro ao 2 de febreiro
■ JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo)	Do 3 ao 9 de febreiro
■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890	Do 10 ao 16 de febreiro
■ FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liás) ● Teléfono: 981 614 503	Do 17 ao 23 de febreiro
■ Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440	Do 24 de febreiro ao 2 de marzo
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liás) ● Teléfono: 981 614 184	Do 3 ao 9 de marzo
■ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liás) ● Teléfono: 981 923 845	Do 10 ao 16 de marzo
■ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932	Do 17 ao 23 de marzo
■ JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165	Do 24 ao 30 de marzo

Unha nova urbanización consolidará o centro de Oleiros ▼



◆ O Concello está a ultimar o Estudo de detalle que afecta ao centro urbano da localidade de Oleiros. Esta área a urbanizar abrangue todo o espazo que se atopa entre a parte traseira do actual parque que está xunto á Casa do Concello, a praza da Rabadeira e o inicio da avenida Venezuela. O novo solo a urbanizar, que aparece marcado no plano, permitirá a construción de catro edificios de vivendas de baixo e dúas plantas.

Con esta actuación o Goberno municipal pretende aumentar o parque público e a praza da Rabadeira. Tamén serán ampliadas as vías existentes e creárase unha nova rúa que conectaría a praza de Galicia coa urbanización Obelisco. Unha vez rematada esta urbanización, consolidaríase definitivamente un centro urbano agradable, con máis zonas verdes e equipamentos públicos.